



**EXPOMOS:**

1. Que concorremos ao proceso de selección do corpo de profesorado de Ensino Secundario na última convocatoria de 2017, dentro da especialidade de Lingua galega e literatura e somos profesorado substituto na dita especialidade.
2. Que, tendo formación oficial en lingua portuguesa e coa vontade de actualizar os datos do noso perfil docente nas listaxes de substitución, **consultamos co Servizo de Persoal de Ensino Secundario** sobre como acreditar este coñecemento.
3. Que neste Servizo **nos informan de que o nomeamento de profesorado substituto en Lingua estranxeira-Portugués** para ESO e BAC **se realiza**, unha vez esgotada a listaxe propia do profesorado das EOI, recorrendo ao profesorado substituto de Lingua galega e literatura seguindo a orde xeral de postos e **sen ter en conta a formación específica en idioma portugués** deste persoal docente.
4. Que **este xeito de nomear profesorado substituto en Lingua estranxeira-Portugués** para os centros públicos **é incoherente cos requisitos esixidos noutras especialidades en todos os centros ou na mesma materia para centros privados e incoherente**, aliás, **co compromiso legal na mellora da cualidade educativa** porque impide, arbitrariamente, a todo alumnado galego de Ensino Secundario optar á máxima excelencia na aprendizaxe do Portugués, ao ser asignado profesorado sen formación específica para impartir a materia, **habendo no entanto persoal dispoñible** na listaxe de profesorado substituto de Lingua galega e literatura que sí é **experto neste idioma**.

**SOLICITAMOS:**

Que, en canto non se ordene un proceso selectivo propio para o profesorado de ensino secundario **en Lingua estranxeira-Portugués, se estableza un regulamento coherente sobre os criterios para asignar profesorado substituto** nesta materia, a fin de garantir a máxima calidade educativa, **dispondo unha orde de nomeamento baseada en méritos formativos, de acordo á titulación oficial acreditada**.

Porto do Son, 19 de outubro de 2017

A/C José Manuel Pinal Rodríguez, director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Edif. admvo. de San Caetano s/n 15781 Santiago de Compostela